



CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)
Praza do Concello, nº 1 - C.P. 27740
Tfno.: 982 524 003 – Fax: 982 507 421
e-mail: concellomondonedo@gmail.com

BANDO DA ALCALDÍA

DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, Alcalde-Presidente do Concello de Mondoñedo, por medio do presente,

FAI SABER: Que o Concello de Mondoñedo vén de iniciar os traballos para a redacción dun Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Conxunto Histórico da nosa Cidade, que virá a actualizar o PEPRI que está vixente desde o ano 1994.

Continuando coa longa experiencia que xa acumula Mondoñedo, o novo Plan adaptado a todas as leis e normas ditadas nos últimos 27 anos propoñerá as accións necesarias para facilitar a mellora e a rehabilitación dos edificios e das vivendas do conxunto, que representan a nosa morada e tamén a orixe e identidade mindoniense, coa finalidade de acadar a recuperación de todo o noso patrimonio, mellorando as condicións de vida das veciñas e dos veciños e o aprecio e disfrute de todas e todos nós e de cantas persoas nos visitan.

Para realizar estes traballos cómpre coñecer as características, o estado e as necesidades actuais de mellora dos edificios, das vivendas e dos locais. Para estes efectos, persoal técnico ao servizo do Concello -debidamente acreditado e identificado- visitará nas próximas semanas todas as vivendas e locais, recadando a información precisa.

Con tal motivo, diríxome a todas e todos as veciñas e veciños pregándolle que faciliten o acceso das técnicas e técnicos ao interior do edificio e colaboren do mellor modo á recollida da información que lles solicitarán, para documentar o mellor posible os traballos, dos que o Conxunto Histórico e toda a Cidade nos beneficiaremos.

Agradecendo a colaboración de todas e de todos, e contando que servirá para mellor fundamentar os proxectos para a mellora do noso Conxunto Histórico e das súas vivendas, locais e edificios.

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

En Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde;

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

